

Para ler e escoitar

Teatro O Diario Cultural da Radio Galega descobre novos autores

II Premio Diario Cultural de teatro radiofónico · VV. AA. · Xerais, 2008 · 110 páx · 15 euros



O teatro a gañar espazos, ou a recuperalos. As e os oíntes da Radio Galega puideron seguir na emisora variadas historias escritas e interpretadas ao abeiro do concurso de Teatro Radiofónico do programa Diario Cultural, cuxa primeira convocatoria data de 2007. Se vostede foi un dos que seguiu ou mesmo votou nalgunha ocasión, alegraralle atopar os textos (dos dous últimos certames) editados en libro máis CD pola editorial Xerais.

Grazas a este impulso, onde amais da radio pública tamén está a parte organizativa do Centro Dramático Galego, temos entre as nosas mans ou nos nosos reprodutores de CD (e xa tivemos nas ondas) personaxes e tramas escritas con atención de cara ao feito específico dos recursos e técnicas radiofónicas. Ás características propias da linguaxe teatral súmanse indicacións didascálicas e estratexias do discurso o máis pertinentes posíbel para a súa dramatización radiofónica. Obviamente, todos os efectos sonoros posúen unha maior importancia aquí ca no teatro escrito para o escenario, ao igual cá ausencia de linguaxe non verbal. Dominar e acertar coa selección destas técnicas para radiar o drama (alén

das calidades estéticas, do interese temático, da construción de personaxes, construción do conflito, etc.) non é algo ao que calquera dramaturgo se enfronta con comodidade. A este subxénero semellan estar máis afeitos hoxe guionistas de televisión e radio ca dramaturgos. Quizais sexa este o motivo do descubrimento de novas, novos e talentosos dramaturgos: Begoña García Ferreiro, Lois Pérez Díaz, David Rodríguez, etc., ou o recoñecemento doutros xa ben coñecidos dramaturgos que, precisamente, adestraron estas armas no oficio cotián de guionistas, como Raúl Dans.

Con todo, vostedes comprobarán que a dirección esixiu tamén un serio labor de dramaturxia realizado por dous inmejorables perfís: o de Lino Braxe e Quico Cadaval. Do mesmo xeito ca na escena, a montaxe na radio require de limpar, recolocar e puír certos elementos do diálogo ou certa información sobre os personaxes de acordo coas ideas e necesidades do director e dos seus actores. Deste xeito, verán xustificada en moitas ocasións a dramaturxia se len os textos acompañados da reprodución do “espectáculo sonoro”. Outras, quizais por simple comodidade dos intérpretes atoparán cambios innecesarios, aparentemente gratuítos e mesmo incorrendo en innecesarias incorreccións lingüísticas. Porén, malia os pequenos tropezos (aínda que a fonética ou a prosodia de moitos actores si é xa máis ca iso, é unha pexa atrasada na carreira de moitos e bos profesionais da escena que o público padece nos teatros) poderán gozar do traballo



Home escoitando a radio. // Arquivo

dun elenco de enormes intérpretes como Anabel Gago, Manuel Lorenzo, Marcos Orsi, Rebeca Montero, Luís Tosar, etc...

De entre as sete pezas que suman os dous volumes permítanme que lles recomende dúas por diversos motivos (sen esquecer as demais): *O mal da vaca* e *Ola, Silvia, ¿estás aí?*, das dramaturgas Begoña García Ferreiro e Fátima Rodríguez Figueira. Na primeira temos unha intriga perfectamente mantida grazas ao tránsito que a resolución do conflito provoca no receptor, pois dunha comedia de certo realismo (mesmo con toques de recreación irónica nas estampas de maior comicidade da vida mesma como o nome da peiteado-

ra: Xeila María) e referencias á vida dunha familia labrega, pasamos á liña do absurdo cunha vaca que, tras varias ameazas á súa dona remata coa vinganza, escornando e insultando non só á protagonista senón tamén ao pai, ao veterinario e á Xeila María (estes dous tras acudiren á corte para comprobar as sospeitas dunha vaca que fala ou dunha filla entolecida). Do outro lado desta enxeñosa e desprexuízada historia rural, imos a unha trágica, de abusos sexuais na infancia. Unha traxedia familiar que xorde da necesidade da protagonista por se liberar da carga de dor ao querer denunciar os abusos aos que o seu propio pai a sometera cando moza. Interesante pola

técnica dos monólogos no contestador, cos que imos descubrindo e vendo medrar o conflito, a dor e o illamento de Silvia, quizais perda forza co excesivo discurso ideolóxico no final, feito que estraga a crueza do tema ao querer redobralo de discurso trágico na confidencia da protagonista nun programa de radio (aínda co interese do cameo da presentadora M^a José Revero facendo dela mesma).

Historias de amor, complexos edípicos, a traxedia do cárcere, a comedia do destino ou dunha existencia de coincidencias... Todo se pode forxar a través da palabra, do drama ergueito do libro e inserido na esfera do son, na evocación da radio. // **Roberto Pascual**